

Informe da Directora Xunta de Escola, 20 de outubro de 2021

1 Reunións de traballo

- 15 de xullo. Asistencia da directora á reunión convocada pola Secretaría Xeral de Universidades, para a elaboración das propostas de Máster Universitario G2030.
- 20 de xullo. Reunión de Iago Pozo, en calidade de Coordinador de RRII, con representantes da ESPOCH para o desenvolvemento do convenio de colaboración entre a ESPOCH e a EME.
- 16 de setembro. Asistencia da directora á reunión con Manuela Cecconi, da Universidade de Perugia, para o estudo dunha posible dobre titulación de máster en “*Ingegneria della Sicurezza per il Territorio e il Costruito*”.
- 27 de setembro. Asistencia da directora á reunión convocada pola “*Real Academia de Ingeniería*” (RAI) e CODEIME, para a elaboración do documento sobre a profesión na enxeñaría de minas, enerxía e materiais, elaborado no marco do convenio de colaboración CODEIME-RAI.
- 29 de setembro. Reunión da directora con Delegación de Alumnado.
- 14 de outubro. Reunión da directora con Alfonso Caride, Técnico de Cultura da Universidade, para valorar posibilidades de realización de actividades culturais.
- Reunións semanais da directora co Vicerreitor de Planificación e Sostibilidade e persoal do SPRL en calidade de responsable COVID do centro.

A directora agradece a participación das persoas implicadas no desenvolvemento destas actividades.

2 Actividades de representación

- 9 de xullo. Asistencia da directora, en representación do centro, á inauguración da iluminación da Catedral de Santiago de Compostela, por invitación de IBERDROLA.
- 4 de setembro. Asistencia da directora, en representación do centro, á actividade WILDFEST 2021, impartindo a conferencia “*A transición enerxética: Que retos temos na formación?*” e participando na mesa redonda da sesión.
- 30 de setembro. Asistencia da directora en representación do centro, ao acto de inauguración do curso da Facultade de Filoloxía e Tradución e a celebración do Día Internacional da Tradución.
- 5 de outubro. Asistencia de Generosa Fernández, en calidade de Enlace de Igualdade do centro, ao acto de entrega do *IDistintivo de Igualdade* da Universidade de Vigo á Facultade de Filoloxía e tradución. A directora agradece a participación do Enlace de Igualdade nesta actividade.

3 Actividades de orientación académica e profesional

3.1 MEET

Rematou a formación de mentores/as do 1 ao 7 de setembro e realizáronse as primeiras reunións mentores-*mentees* os días 22 de setembro e 6 de outubro.

3.2 Outras actividades de orientación académica e profesional

- 19 xullo. A directora impartiu a sesión orientación académica e profesional para o alumnado matriculado en TFG e TFM no curso 2020/21. Nesta sesión informouse tamén dos estudos de Máster Universitario en Enxeñaría de Minas.
- 20 de xullo. A directora impartiu unha sesión orientación profesional. Presentación das ofertas laborais das empresas DINAK e CORTIZO.
- 28 de xullo. Charla informativa non presencial, organizada por María Araújo, David Patiño e Francisco Deive, para o alumnado de terceiro do grao en Enxeñaría da Enerxía sobre as especialidades e continuación de estudos.
- 9 de setembro. Sesión de benvida ao alumnado de novo ingreso dos graos do centro. Participaron no desenvolvemento desta xornada o equipo directivo, o persoal do programa MEET, Enlace de Igualdade, Coordinadora de Primeiro Curso, Carmen Romo, en representación do persoal de administración do centro, e Delegación de Alumnado.
- 20 de setembro. Sesión de benvida ao alumnado de novo ingreso no máster universitario en enxeñaría de minas, actividade organizada pola coordinadora da titulación.
- 13 de outubro. A directora impartiu unha sesión de orientación académica e profesional para o alumnado do centro, a petición da Delegación de Alumnado.

3.3 Actividades de formación extracurricular

Seminario práctico “*Introdución aos sondeos de perforación*”. Curso impartido por Andrea Atanes, o 23 de setembro (3 horas).

“*Curso de Introdución á Xeostatística e manexo software SgeMS*”, celebrado os días 20, 21 e 22 de setembro (9 horas), impartido polo profesor Mohammad Maleki, da Universidade Católica do Norte (Chile).

A directora agradece a participación das persoas implicadas no desenvolvemento destas actividades.

4 Mobilidade

4.1 Erasmus KA+107

No marco de convenio de mobilidade KA+107 do centro, visitou a Escola unha semana en setembro o profesor seleccionado pola “Universidade Católica del Norte”.

Está aberta a convocatoria ERASMUS KA+107, proxecto propio da Escola coas Universidades chilenas: Federico Santa María e Católica do Norte. Convocatoria aberta ata o 3 de novembro para alumnado do centro.

Está aberta a convocatoria ERASMUS+ prácticas ata o 15 de novembro.

Agradécese a Iago Pozo a labor de información e coordinación das actividades de mobilidade do centro.

5 Titulacións

5.1 Modificación da normativa de ámbito estatal

Publicouse o “*Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, por el que se establece la organización de las enseñanzas universitarias y del procedimiento de aseguramiento de su calidad*”, que supón a derogación da normativa actual (RD 1393/2007). A VOAP convocou a unha reunión informativa hoxe, 20 de outubro.

5.2 Titulacións G2030

En relación á elaboración de propostas de titulacións G2030 o documento “*Propuesta de nuevas titulaciones para el SUG 2030*” recolle a proposta de titulacións de máster que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade quere implantar no SUG e sinala as súas principais características. Dende a VOAP, pediuse a centros, departamentos e PDI a expresión aberta de declaracións de interese para participar no desenvolvemento destas titulacións. Na Xunta de Escola celebrada o día 25 de maio de 2021, tratouse este tema e acordouse trasladar á VOAP o interese do centro, departamentos e persoas a título individual, dalgúns titulacións específicas.

Posteriormente o Reitor nomeou unha persoa como representante da Universidade de Vigo para a elaboración das propostas nas que participan outras universidades do SUG. No caso do Máster Universitario en Xestión Sustentable da Auga o nomeamento recaeu na directora da Escola.

En paralelo estase pendente das actividades relacionadas con outras titulacións de máster nas que o centro trasladou o seu interese, en particular o Máster Universitario en Economía Circular.

6 Divulgación

6.1 Noite Europea das Persoas Investigadoras

A Escola participou nas actividades que se realizaron na Noite Europea das Persoas Investigadoras o 24 de setembro de 2021. As persoas que participaron fóron:

- **Ciencia no Bar** (en Vigo)
 - Iago Pozo: “Coñece as últimas investigacións dedicadas á protección do *street art*”
 - Raquel Pérez: “*Dieselgate*”.
- **Charlas no Centro da Cidade**: Elena Alonso: “*O papel das materias primas minerais na transición enerxética*”.
- **Expo-feira científica e Obradoiros na rúa**
 - Teresa Rivas e Carmen Filgueira Sánchez: “*Os minerais, testemuñas da Historia: dende Altamira ata a arte urbana*”
 - Iván Garrido González, co *stand* “*Visión infravermella*”
 - María Pazo Rodríguez e Xurxo Rigueira Díaz, co *stand* “*Materiais intelixentes*”
 - Jesús Rico Fuentes: “*European Corner*”.

- **Charlas en Falso Directo.** Charlas gravadas previamente, cunha duración de 10 minutos, emitidas o propio día 24 de setembro como un falso directo:
 - Ana Larrañaga e Javier Martínez-Torres: “*Érase un mundo de datos*”
<https://www.youtube.com/watch?v=r6UhnYuo9dQ&t=350s>
 - María Aratijo e Javier Martínez-Torres. “*Aplicación das matemáticas en investigación con recursos naturais*”
https://www.youtube.com/watch?v=1fw_u5I9WXc&t=16s
- **Obradoiros en centros escolares:** Benito Vazquez (Física Re-creativa).
- **Elaboración de material divulgación para a exposición:** “Procesos de separación avanzada” (Ángeles Domínguez) e “Conservación do Patrimonio Cultural Material” (Teresa Rivas e Iago Pozo).

Agradécese a todas as persoas que participaron nas actividades na Noite das Persoas Investigadoras e na elaboración de material para esta actividade.

6.2 Conferencias nos IES

Data	Colexio/IES	Curso	Alumnado	PDI participante	Actividade
19/10/21	IES A Guía	2º bach	20	Benito Vázquez	Física Recreativa

6.3 Aula Aberta á TecnoCiencia (visitas á EME)

Data	Colexio/IES	Curso	Alumnado	PDI participante	Actividade
04/10/21	IES San Paio	1º ESO	120	Santiago Pozo Bienvenido Diez María Pazo Carmen Filgueira	Aula aberta: Materiais intelixentes Charla: “Mineral Tales”
14/10/21	IES Luis Seoane (Pontevedra)	1º e 2º bach	15	Santiago Pozo Xurxo Rigueira Raquel Pérez Ana Larrañaga	Aula aberta: Materiais intelixentes Aula aberta: Combustión

6.4 Programa STEMBach

A Escola recibiu máis solicitudes de participación no programa STEMBach para o bienio 21/23. Para o curso 2021/22 ten activos os seguintes proxectos e cos seguintes IES:

- IES A Paralaia (Moaña). Bienio 2020/22 (5 estudantes) e Bienio 2021/23 (pendente). David Patiño e Raquel Pérez
- IES María Soliño (Cangas): Bienio 2020/22 (9 estudantes). David Patiño e Raquel Pérez
- CFR Santiago Apóstol (Redondela). Bienio 2020/22 (1 estudante). David Patiño e Raquel Pérez
- IES Valadares (Vigo). Bienio 2021/23 (nova colaboración). David Patiño e Raquel Pérez (3 estudantes) e Iago Pozo (3 estudantes)

- IES República Oriental de Uruguai (Vigo). Bienio 2021/23 (nova colaboración). Francisco Deive (2 estudantes)
- IES Aquis Celenis (Caldas de Reis). Bienio 2021/23 (nova colaboración). Francisco Deive (2 estudantes) e Iago Pozo (3 estudantes).

6.5 Concursos

Están publicadas na web do centro as bases das novas edicións dos concursos que organiza o centro para IES e público en xeral:

<http://minasenerxia.uvigo.es/gl/institutos/divulgacion/concursos/>

- Enforca_RME
- Mulle_RME
- Enerxiza_RME
- Escava_RME
- Eme_Pakuxa
- Curtametraxes enerxéticas.

6.6 Recursos materiais e outras

6.6.1 Prensa

Publicouse unha noticia sobre a participación na Noite das Persoas Investigadoras. 14/09/2021: Gravación “*La Voz de Galicia*” con Mónica Valderrama (Vicerreitora de Comunicación e Relacións Institucionais), Ana Ulloa e Paloma Morán.

<https://www.lavozdeg Galicia.es/video/galicia/2021/09/16/os-investigadores-galegos-saen-a-rua-mostrar-seu-traballo-chega-g-night/00311631808085709126168.htm>

6.6.2 Aula Aberta á TecnoCiencia

Rematou o acondicionamento da Aula Aberta á TecnoCiencia e está previsto organizar unha inauguración do espazo nas próximas semanas.

A Directora agradece o seu traballo a todas as persoas que participaron nestas actividades de divulgación e a Iago Pozo o labor de coordinación.

7 Igualdade

7.1 Congresos

Presentación no Congreso “*Gender Equality of Higher Education*” de dúas contribucións do proxecto financiado pola Cátedra Feminismos 4.0 “*Resultados académicos de mujeres en estudios de ingeniería en la Universidad de Vigo*”

- 16 de setembro. Presentación Teresa Rivas. “*Gender study on the labor situation of graduates on engineering in Galicia-Spain*”. Teresa Rivas, IriaVázquez, Soledad Torres, María Araujo, María Asunción Longo, José Santiago Pozo-Antonio, Almudena Filgueira
- Presentación Elena Alonso: “*Gender research in engineering studies in Galicia-updated of academic data*”. Elena Alonso, Ángeles Saavedra, Teresa Rivas, Soledad Torres, M. Asunción Longo, Ana J. López, María Araujo.

Agradécese a Teresa Rivas o labor de coordinación deste proxecto e as actividades de divulgación dos resultados do mesmo.

8 Sistema Garantía Calidade

8.1 Comisión de Calidade

Infórmase da actualización na composición da Comisión de Calidade, dado que o Máster Universitario en Xeoinformática está extinguido e polo tanto non é necesaria a participación na Comisión de Calidade do representante da titulación.

En relación aos últimos acordos adoptados na Comisión de Calidade cabe destacar a aprobación dos Informes de Coordinación das titulacións do centro (GEE, GERME e MUEM), o Informe de QSPs e o Informe do Plan de Promoción e Divulgación do centro, todos eles correspondentes ao curso 2020/21.

8.2 Programa DOCENTIA

Desde o centro se está a incentivar a participación do profesorado no Programa Docentia, realizándose unha sesión formativa sobre o desenvolvemento do programa para o profesorado do centro. O 7 outubro 2021 publicouse a listaxe definitiva de persoas seleccionadas para participar na III Convocatoria Quinquenal no programa e hai 8 profesores do centro seleccionados.

8.3 Sesión benvida

8 de setembro. A directora impartiu unha sesión informativa e de benvida ao profesorado do centro do curso 2021/22.

Agradécese a Guillermo García o seu traballo como Coordinador de Calidade do centro.

9 Procedementos académicos

9.1 Defensa de TFG e TFM na convocatoria fin de carreira

O día 5 de outubro tivo lugar a defensa de TFG correspondente á convocatoria fin de carreira.

- Grao en Enxeñaría da Enerxía: 3 estudantes
- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos: 3 estudantes.

9.2 Datos matrícula

	17/18	18/19	19/20	20/21	21/22
Grao EE	43	50	31	42	45
Grao ERME	13	8	8	6	15
Total graos	56	58	39	48	60

10 Prevención e Control Sanitario

10.1 Control e seguimento de casos COVID19 no centro

En relación aos casos COVID no centro, desde a última xunta de escola (7 de xullo) ata a data, identificáronse 4 casos confirmados e 2 nos que a persoa tivo pautada corentena por contacto cun positivo externo.

A directora lembra que non se pode acceder ao centro se se teñen síntomas ou se se ten que gardar corentena por caso confirmado ou posible e que é necesario informar destas circunstancias.

Agradécese ao profesorado das materias nas que houbo alumnado en corentena as facilidades que prestaron ao alumnado para realizar as probas de avaliación.

11 Infraestruturas e equipamento de espazos docentes

- Incorporouse como bolseiro de Servizos Informáticos (1 praza para a EME, 15 horas semanais) Antón Núñez Seoane, que empezou o 11 de outubro e estará ata o 31 de xullo de 2021 coa titorización de Francisco Deive.
- Actualizouse o contido do Plan de Prevención e Control Sanitario do centro para o curso 2021-2022. Actualizáronse os aforos dos espazos docentes.
- Visita do SPRL á Aula Aberta o día 5 de outubro de 2021 para valorar as condicións e medidas a adoptar en materia de PRL. Equiparase con gafas de protección para repartir entre o alumnado e persoal que a visite.

11.1 Equipamento

- Elimináronse os proxectores de transparencias de todas as aulas excepto na M105, por petición do profesorado
- O Aula 00 foi equipada con novos ordenadores e está a ser instalado o software necesario polo persoal dos servizos informáticos
- Equipouse a Aula de informática M213 con 3 novos postos (agora hai un aforo de 32 estudantes)
- Revisáronse os equipamentos informáticos de tódalas aulas, e adquiríronse 2 replicadores de porto USB para as aulas M105 e M212
- Aula M107 dotouse de novo equipamento de son para permitir un mellor seguimento da docencia do profesorado que está a impartir a docencia non presencial
- Aula M103: Deixouse un adaptador VGA - HDMI na conserxería da escola para prestar a aqueles docentes que no portátil non teñan conexión VGA.

11.2 Reparacións

- Vidro do corredor de despachos e da aula M104 xa foron presupostados e vanse cambiar en breve
- Problemas de olores na escola, foi avisada a Unidade Técnica e selaron con silicona as arquetas
- Problema de baldosas soltas no vestíbulo da planta 0 ó lado das escaleiras: foi dada a orde de arranxo a unha empresa externa.

11.3 Axudas solicitadas

Solicítouse unha axuda á Vicerreitoría de Captación de Alumnado, estudantes e Extensión Universitaria, para a realización de actividades extracurriculares e concedeuse a cantidade de 1820 euros.

Agradécese a Francisco Deive o seu traballo como responsable de infraestruturas.

12 Próximas actividades

12.1 Delegación de Alumnado. ENMI Charlas

Delegación de Alumnado está a organizar as charlas ENMI e de momento están programadas as seguintes:

- 10 novembro. Ramón Novoa. "Sistemas de almacenamento de enerxía: pilas/baterías/corrosión"
- 17 novembro. José Durany. "Tecnoloxía matemática para a industria e o medio ambiente"
- 24 novembro. Elena Alonso. "O papel das materias primas minerais na transición enerxética"
- 1 decembro. Carlos Taibo. "Decremento e economía circular".

12.2 Curso "Fotografía con SMARTPHONE"

Os días que se celebrará o curso son:

- Venres 29 de outubro (16.00-19.00 horas)
- Venres 5 de novembro (16.00-20.00 horas)
- Venres 12 de novembro (16.00-19.00 horas).

Lugar: Vestíbulo da Escola. Máximo de asistentes: 15 persoas. Admitiranse por orde de inscrición. Inscrición a través de e-mail a eme@uvigo.gal, ata o 20 de outubro.